

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**

Expediente: IN408A 2019/078 (clave: 2020/0227)

Denominación do proxecto: Parque eólico TREBOADA e liña de evacuación

Promotor: WIND GROWER, S.L.U.

Asunto: Solicitud de informe técnico.

ANTECEDENTES

O 28.01.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un informe sobre "CONSULTA PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO DE ALCANCE DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO TREBOADA" situado nos concellos de San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Chandrexa de Queixa (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo).

O 21.09.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO TREBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN" situado nos concellos de San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Chandrexa de Queixa (Ourense).

O 05.11.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais das provincias de Ourense e Lugo un informe para poder dar contestación aos diferentes servizos das devanditas consellerías.

O 10.11.2021 recibíuse un primer requirimento mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia na Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación do informe sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO TREBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN".

**DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





O 08.11.2021 recibíuse no rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense da Consellería do Medio Rural, no que se informa favorablemente sobre o proxecto "PE TREBOADA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

O 14.01.2022 recibíuse no rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais Lugo da Consellería do Medio Rural, no que se informa favorablemente sobre o proxecto "PE TREBOADA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "





INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto PARQUE EÓLICO TREBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN, situado nos concellos de San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Chandrexa de Queixa (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

